



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Asunto: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 31 de xaneiro de 2024, polo que se resolve a denuncia a representante xeral do Bloque Nacionalista Galego contra o presidente da Xunta de Galicia por unha posible infracción do artigo 50 da LOREX.

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

Antecedentes

1. O 26 de xaneiro de 2024 a representante xeral do Bloque Nacionalista Galego formaliza unha denuncia contra o presidente da Xunta de Galicia D. Alfonso Rueda Valenzuela na que manifesta que «na páxina web da Xunta de Galiza <https://www.xunta.gal/portada>, xa en portada aparecen as seguintes novas:

<https://www.xunta.gal/notas-de-prensa/-/nova/87045/rueda-pon-valor-novaconvocatoriaaxudas-para-facilitar-xente-moza-obter-carne>

O título é: “Rueda pon en valor a nova convocatoria de axudas para facilitar á xente moza obter o carné de coche, camión e autobús e mellorar a súa empregabilidade”.

Onde aparece unha foto do candidato, e coas seguintes declaracións e valoracións do candidato do partido Popular “Rueda cualificou de “potente e atinada” esta orde de axudas, á que se destinarán 800.000 €, e que se encadran no obxectivo da Xunta de consolidar Galicia como un dos mellores sitios para vivir e traballar, o que implica promover medidas que vaian nesta liña de facilitar que a mocidade acceda a un posto laboral estable e de calidade”.

Asegura que esa publicidade «vai máis alá de proporcionar información aséptica e neutra sobre unha convocatoria de axudas, no momento que o mecanismo que se usa para dar a coñecer a convocatoria é a opinión do candidato do Partido Popular, desprazando inclusive á Conselleira de Política Social e Xuventude (área onde estarían incardinadas estas axudas), promocionando a figura do candidato, a través da institución, con fondos públicos, dando continuidade entre a Xunta e o candidato do Partido Popular e con declaracións como “potente e atinada” que supoñen unha valoración con connotacións electoralistas, vulnerando o artigo 50 da LOREX.

Engade a entidade política denunciante que «na mesma portada tamén está a seguinte información: <https://www.xunta.gal/notas-de-prensa/nova/87013/rueda-destaca-que-oficina-mobil-atencion-emigrantes-permite-achegarinformacion>

Titulada: Rueda destaca que a oficina móbil de atención a emigrantes permite achegar información e asesoramento sobre o retorno a calquera punto da comunidade.

Novamente cunha foto do candidato do partido Popular, sen que apareza a Secretaría Xeral de Emigración e o seu titular, coas seguintes valoracións do candidato do partido popular: “Rueda resaltou que favorecer o retorno é clave para o futuro de Galicia xa que mais aló do



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

dereito que teñen os galegos no exterior a regresar a súa terra, este colectivo é fundamental para afrontar o reto demográfico e seguir facendo da comunidade unha terra de oportunidades, cada vez máis competitiva. Nesta liña, instou a non esquecer que “moitos dos antepasados dos que agora retornan” e que no seu día tiveron que emigrar sen “deixar nunca de sentirse galegos” son os que “axudaron a construír a Galicia das oportunidades” que temos hoxe en día.”»

Afirma que «ao igual que no caso anterior, as declaracións van máis alá dunha información obxectiva e neutra que se cinga a informar sobre o servizo en concreto, son valoracións do candidato do Partido Popular que quebran a neutralidade e xa revisten carácter electoralista, vulnerando unha vez máis o artigo 50 da LOREX.

Pode verse como é o titular da Consellería quen visita e xestiona estas oficinas de información.

Continúa a denuncia dicindo que «na portada da páxina da Xunta coa seguinte noticia: <https://www.xunta.gal/notasde-prensa/-/nova/86941/rueda-enxalza-papel-das-entidades-que-traballan-para-unhasociedade-plenamente>

Titulada: “Rueda enxalza o papel das entidades que traballan para unha sociedade plenamente inclusiva e garante o apoio da Xunta á altura deste labor fundamental.”

Novamente cunha foto do candidato do partido Popular, coas súas declaracións, desprazando á Conselleira de Política Social e Xuventude coa simple finalidade de seguir promocionando a figura do candidato do Partido Popular. Damos por reproducida aquí a argumentación anterior, engadindo ademais que neste caso concreto non se está a informar de nada que supoña a salvagarda do interese público ou o correcto desenvolvemento dos servizos públicos, que é o que permite a Instrución 2/2011, e que podía agardar ao remate do proceso electoral, trátase de promocionar ao candidato do partido popular a través dos recursos institucionais.

Finalmente, aparece a nova da inauguración de Fitur <https://www.xunta.gal/notas-de-prensa//nova/87100/rueda-erixe-galicia-como-destino-turisticoo-calidade-grazas-suasustentabilidade?langId=gl ES>

Titulada: “Rueda erixe Galiza como destino turístico de calidade grazas á súa sustentabilidade e excelencia”. Aparecen nesta nova declaracións que supoñen unha campaña de logros e electoralistas, prohibida pola LOREX cando se fan afirmacións tales como “Rueda salientou que a Comunidade ten alcanzado esta cifra de visitantes da man do sector “sen obsesionarnos e con sentidiño”, un número que considerou unha “magnífica noticia” e síntoma de que “entre todos estamos a facer as cousas ben”.

Esta nova, unha vez máis contrasta coa inauguración de Fitur de hai un ano <https://www.xunta.gal/notas-de-prensa/-/nova/76409/xunta-destaca-fitur-valor-galicia-como-destino-enogastronomico-excelencia-basado>

Baixo o título “A Xunta destaca en Fitur o valor de Galiza como destino enogastronómico de excelencia baseado na sostiabilidade.”



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Sendo a directora de turismo Nava Castro e persoa encargada da inauguración.

Así, unha vez máis muda a Xunta por Rueda, sen que haxa, no tratamento informativo, nada que xustifique ese cambio salvo unha clara promoción do candidato do Partido Popular cos recursos públicos e a través da páxina institucional.»

2. O 29 de xaneiro de 2024, trasladóuselle á Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias para os aos efectos de formular alegacións.

3. O 30 de xaneiro de 2024, recíbense as alegacións nas que se afirma en relación coa convocatoria de axudas para facilitar á xente moza obter o carné de coche, camiión e autobús e mellorar a súa empregabilidade que « o titular da nota de prensa publicada é o seguinte: “Rueda pon en valor a nova convocatoria de axudas para facilitar á xente moza obter o carné de coche, camiión e autobús e mellorar a súa empregabilidade.”». Agrega que o partido denunciante «confunde varios elementos na súa denuncia e distorsiona o sentido e significado da información publicada. Así, en primeiro lugar, non se cita un extremo fundamental, como é que estamos ante unha nota de prensa na que se dá conta dunha visita institucional que realiza o presidente da Xunta de Galicia a unha autoescola, na que conversa con mestres e alumnos. Neste sentido un dos subtítulos é o seguinte: “O presidente da Xunta achegouse ás prácticas que realizaban alumnos dunha autoescola en Ourense.”

Polo tanto, estamos ante unhas declaracións que se efectúan no seo da actividade institucional do presidente, cuestión que é totalmente habitual e ordinaria, como é habitual que se elabore unha nota de prensa ou comunicado ao respecto e se publique na páxina institucional. Nota de prensa que, por certo, non está dirixida a cidadanía en xeral, como é obvio, senón aos profesionais dos medios de comunicación. Isto é, non estamos ante un anuncio ou campaña informativa concibida para ser difundida entre o público en xeral, se non ante a mera cobertura ordinaria da axenda institucional do presidente.»

Verbo da información titulada: “Rueda destaca que a oficina móbil de atención a emigrantes permite achegar información e asesoramento sobre o retorno a calquera punto da comunidade”, alégase que na denuncia se «oculta o contexto da noticia, pois estamos de novo ante unha visita efectuada polo presidente a un servizo público en funcionamento. Como expresa o subtítulo: “O presidente da Xunta visitou este servizo durante a súa estancia no concello de Chantada”. Seguimos, polo tanto, ante a cobertura institucional da actividade do presidente da Xunta de Galicia.

De novo a foto que se denuncia e unha foto documental e informativa da visita, na que o presente sae acompañado de mais persoas e se ve a oficina móbil obxecto da visita.

A denuncia critica a non presenza do secretario xeral de emigración, esquecendo que o departamento depende directamente da Presidencia da Xunta de Galicia e está integrado nela.

As declaracións efectuadas non teñen contido electoralista ou de venta de logros.»



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Verbo da información referida a determinadas entidades dise que a denuncia «omite que estamos ante unha visita institucional: “O presidente do Goberno galego visitou a Asociación de Dano Cerebral Sarela”».

Neste caso a denuncia é máis difícil de entender, pois, aparte de criticar novamente a foto documental que acompaña á información, e de acusar, outra vez, ao presidente, de “desprazar” á conselleira de política social (erroneamente, pois a conselleira estaba presente na visita, así se indica no texto da noticia, e sae nas fotos documentais que acompañan a información na propia páxina), insiste en que o obxectivo da noticia é a “simple finalidade de seguir promocionando a figura do candidato do Partido Popular”.

En efecto, o presidente non se auto enxalza ou expresa os logros da administración, ou os seus persoais, se non que enxalza o traballo das asociacións, entidades e profesionais que traballan con persoas con discapacidade e a súa labor fundamental.

Estamos ante a expresión dunha mensaxe institucional, non electoralista, de apoio. Incluso se expresa que estas asociacións, profesionais e centros, “conseguen o que dificilmente se conseguiría só desde a Administración”, declaración na que o electoralismo brilla pola súa ausencia.»

Por último, en relación coa titulada: “Rueda erixe Galiza como destino turístico de calidade grazas á súa sustentabilidade e excelencia”, alégase que «estamos novamente ante un acto institucional do presidente na feira Fitur en Madrid. Así o subtítulo expresa: “O presidente da Xunta participou na 44 edición da Feira Internacional do Turismo (Fitur)”».

Debe destacarse que Fitur é a feira por excelencia e punto de encontro anual do sector turístico en España, e que obviamente non está organizada pola Xunta de Galicia, que non decide as súas datas. Tendo en conta a importancia do sector turístico na Comunidade Autónoma é habitual que participe a administración autonómica e non pode estrañar que no acto se fale da importancia de Galicia como destino turístico, pois precisamente nesa feira a administración da Comunidade autónoma debe promover o turismo en Galicia. Non debe esquecerse, tampouco, que lonxe de ser un acto con connotacións electoralistas dirixido a cidadanía galega, os seus destinatarios son as empresas e os profesionais do sector turístico.

Neste contexto é totalmente lóxico que se faga referencia a datos como o número de visitantes a Galicia, a calidade do sector turístico, a súa sustentabilidade e excelencia, o papel da marca ‘Galicia calidade’ e os produtos marisqueiros e pesqueiros.»

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. No sitio web institucional da Xunta de Galiza <https://www.xunta.gal/portada>, aparece unha información referida a unha visita efectuada polo presidente da Xunta a



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

unhas clases prácticas dunha autoescola na que anunciou a convocatoria de axudas para facilitar á xente moza obter o carné de coche, camión e autobús e mellorar a súa empregabilidade. Nela, aparece tamén na que aparecen varias fotos do presidente da Xunta. Segundo esa nota informativa, o presidente da Xunta cualificou a orde de axudas de “potente e atinada”, para á que se destinarán 800.000 € e que, segundo esa noticia, se encadran no obxectivo da Xunta de consolidar Galicia como un dos mellores sitios para vivir e traballar, o que implica promover medidas que vaian nesta liña de facilitar que a mocidade acceda a un posto laboral estable e de calidade. Tamén está o vídeo da súa intervención pública ante un micrófono co logotipo da Xunta de Galicia.

A alegación segundo a cal *«estamos ante unhas declaracións que se efectúan no seo da actividade institucional do presidente, cuestión que é totalmente habitual e ordinaria, como é habitual que se elabore unha nota de prensa ou comunicado ao respecto e se publique na páxina institucional. Nota de prensa que, por certo, non está dirixida a cidadanía en xeral, como é obvio, senón aos profesionais dos medios de comunicación. Isto é, non estamos ante un anuncio ou campaña informativa concibida para ser difundida entre o público en xeral, se non ante a mera cobertura ordinaria da axenda institucional do presidente.»* non pode compartirse. O presidente da Xunta de Galicia, que é público e notorio que é un candidato ás próximas eleccións autonómicas, puido terse limitado a cumprir as súas funcións institucionais de transparencia no senso de dar a coñecer a concesión de axudas destinadas a ese fin. Porén, fixo unha valoración delas que exceden das ditas funcións xa que, obxectivamente e nun proceso electoral en curso, teñen unha connotación electoralista. Desas frases, claras e precisas, é posible inferir unha identificación da súa condición de presidente da Xunta --coas conseguíntes competencias que lle confire o ordenamento xurídico (art. 15 do EAG e arts. 10 a 26 da LRXP, en relación co art. 103.1 da CE)--, coa súa condición de candidato, co fin de persuadir ao potencial elector de que lle vote e, deste xeito, a entidade política pola que se presenta, obteña unha maioría de apoio electoral. Con esta forma de proceder vulnerouse o principio de neutralidade dos poderes públicos. É lexítimo, logo de comezado o proceso electoral, anunciar unha actuación como a indicada derivada do exercicio dunha competencia administrativa. Pero non o é o emprego de expresións laudatorias--do Sr. presidente da Xunta e, á súa vez, candidato-- que poden inducir ao sector da poboación ao que van dirixidas esas subvencións a decantar o seu voto á entidade política pola que se presenta ás eleccións, xa que se estaría confundindo o seu rol institucional co partidista. Como di a Xunta Electoral Central, *«resulta legítimo dar cuenta en una rueda de prensa de los acuerdos adoptados por el Consejo de Gobierno y posteriormente incorporar esa referencia a la web institucional en período electoral, pero no puede utilizarse ese acto para realizar afirmaciones que puedan entenderse como logros o realizaciones del citado consejo por resultar contrario a lo dispuesto en el artículo 50.2 de la LOREG.»* (Acordo do 22 de abril de 2015 e doutrina mantida noutro como os acordos do 6 de maio de 2015 e de 17 de xuño de 2017). Esta doutrina reitérase no recente acordo 575/2023, do 5 de outubro (fundamento xurídico primeiro):

«La interpretación del art. 50.2 de la LOREG debe efectuarse a la luz de diferentes preceptos constitucionales; en este caso, resultan singularmente claros los que se contienen en los art. 23.2 y 103.1 de la Constitución, en la medida en que imponen, respectivamente, el principio de igualdad en el ejercicio del derecho de sufragio pasivo (art. 23.2) y el



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

principio de neutralidad de los poderes públicos (art. 103.1); en relación con esto último, conviene tener presente que la jurisprudencia del Tribunal Supremo (Sala Tercera) ha declarado reiteradamente que la neutralidad de los poderes públicos constituye uno de los instrumentos legalmente establecidos para hacer efectiva la igualdad que ha de ser observada en el sufragio, siendo además una de las específicas proyecciones que tiene el genérico mandato de objetividad que el artículo 103.1 de la Constitución proclama para la actuación de toda Administración Pública (por todas, cabe citar SSTs 721/2021, de 24 de mayo; 743/2021, de 26 de mayo; 113/2023, de 31 de enero o 132/2023, de 2 de febrero). Y es que, en último término, la utilización de medios públicos institucionales vulnerando el principio de neutralidad comporta, a su vez, la quiebra del principio de igualdad al que también se refiere el art. 8.1 de la LOREG.

(...)

En suma, las manifestaciones de referencia, al ser efectuadas en el curso de un acto institucional, constituyen una vulneración del principio de neutralidad que dimana del art. 50.2 de la LOREG, de conformidad con la interpretación que del mismo se ha venido haciendo en abundante Jurisprudencia del Tribunal Supremo, en aplicación de los artículos 23.2 y 103.1 de la Constitución. Por consiguiente, no puede prosperar la alegación de que la Junta Electoral Central efectúa una interpretación "extensiva" u "omnicomprensiva" del constantemente citado art. 50.2 de la LOREG, por cuanto la Junta Electoral Central se limita a interpretar y aplicar dicho precepto ciñéndose estrictamente a la Jurisprudencia del Tribunal Supremo. Asimismo, la falta de intencionalidad y la voluntad de no interferir en el proceso electoral se contradice con el contenido de las declaraciones de referencia que, aunque fuesen efectuadas espontáneamente en respuesta a los periodistas, no parecen guardar relación con lo resuelto en el Consejo Europeo, ni con las funciones del Presidente de dicho Consejo que iba a ejercer el interesado, en su condición de Presidente del Gobierno, con arreglo al sistema de turnos rotatorios establecido en la normativa comunitaria.

En relación con lo anterior, cabe destacar, a los efectos que aquí interesan, la mencionada STS 132/2023, de 2 de febrero (FD 9º), en la que se señala que: "Al respecto es jurisprudencia que la neutralidad de las instituciones y poderes públicos es un principio básico (artículo 103.1 de la Constitución) que se acentúa con la exigencia de la neutralidad política en período electoral en los espacios públicos. Esta exigencia limita la libertad de expresión de los candidatos en actos a los que concurren, no como tales, sino en el ejercicio del cargo y viene impuesta por el principio de igualdad de los contendientes en el proceso electoral: se trata de evitar prevalecerse del cargo al incurrir en lo que se denomina "campaña de logros", esto es, actos de reclamo electoral a base de exponer los logros de la gestión realizada y que el candidato ensalza no como tal, sino como titular del cargo público que se ostenta y en actos en los que interviene con tal condición".»

Segundo. Verbo das restantes noticias, non se deducen delas unha connotación electoralista. Na referida á oficina móbil de atención a emigrantes, a presenza do presidente da Xunta foi unha visita efectuada a un servizo público en funcionamento e á que se lle deu a cobertura institucional propia dun membro da Xunta de Galicia no exercicio das súas funcións como tal.



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

En relación coa referida determinadas entidades sociais, nela non se aluden a supostos logros da Administración senón que eloxia o traballo das asociacións, entidades e dos profesionais que traballan con persoas con discapacidade.

Polo que respecta á información da súa visita á *Feria Internacional de Turismo (FITUR)*, é coñecido que se trata dun punto de encontro anual do sector turístico en España, non está organizada pola Xunta de Galicia, nin tampouco esta decide as súas datas de celebración. Tendo en conta a importancia do sector turístico na Comunidade Autónoma, é habitual que participe a Administración autonómica.

Á vista do que antecede adóptase o seguinte

ACORDO

1. Estimar parcialmente a denuncia e declarar que o presidente da Xunta de Galicia incorreu na prohibición establecida no apartado 2 do artigo 50 da LOREX, en relación coas súas declaracións difundidas na páxina web: <https://www.xunta.gal/notas-de-prensa/-/nova/87045/rueda-pon-valor-novaconvocatoriaaxudas-para-facilitar-xente-moza-obter-carne> “Rueda pon en valor a nova convocatoria de axudas para facilitar á xente moza obter o carné de coche, camión e autobús e mellorar a súa empregabilidade”.

Unha vez ponderado o alcance das frases con connotación electoralista, non procede a incoación dun procedemento sancionador. Non obstante, recórdaselle ao denunciado a vixente prohibición de realizar calquera outra difusión de declaracións deste tipo, advertíndolle de que se realiza nunha conducta similar, procederase a incoar, se é o caso, o correspondente procedemento sancionador.

2. Ordenar a inmediata retirada da dita información da web da Xunta de Galicia.

3. Arquivar a denuncia en relación co resto dos feitos denunciados.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá presentarse ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 18:00 horas do próximo día 3 de febreiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo: xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal